



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR
DE INFESTA
25 DE FEBREIRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- **Aprobación das actas anteriores**
- 2.- **Orzamentos participativos 2015**
- 3.- **Investimentos na parroquia**
- 4.- **Varios**

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo as vinte horas, do día vinte e cinco de febreiro de dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- José Carlos García Taibo, representante do PS de G – PSOE
- María Carmen González Monteiro, representante do PP
- Xavier Balsas Barbeiro, representante do BNG
- Rubén Costas Fernández, representante de AER
- Eduardo Rodríguez Loureiro, representante das asociacións de veciños
- Manuel Davila García, representante das asociacións de veciños
- Gabriel Calvar Crespo, representante das asociacións culturais
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións culturais
- Manuel Carballido Castro, representante das asociacións veciñais
- Alfredo Davila Álvarez, representante das entidades deportivas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

1.- **Aprobación das actas anteriores**

Sométese á aprobación a acta da xuntanza celebrada en data 2 de outubro de 2014 que é aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Rubén Costas Fernández por non ter asistido á devandita xuntanza.

Sométese á aprobación a acta da xuntanza celebrada en data 17 de decembro de 2014 que é aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Xavier Balsas Barbeira, Eduardo Rodríguez Loureiro, Manuel



CONCELLO DE REDONDELA

Davila García e Alfredo Davila Álvarez por non teren asistido á devandita xuntanza.

2.- Orzamentos participativos 2015

Eduardo Rodríguez Loureiro propón terminar os traballos que quedaron pendentes e foron tratados no outros consellos parroquiais.

Edesio Crespo Loureiro pregunta se a obra da auga está rematada.

O Presidente informa que falta meter dous tubos e o traballo o fará o fontaneiro municipal.

Edesio Crespo Loureiro di que no camiño de Pedro Morto cando se fixo a canaleta xa se ían meter dous tubos ata a vaguada, pero o dono dixo que era zona privada e por iso quedou sen rematar a obra.

Eduardo Crespo Loureiro falou co propietario e quedou que se lle aterraban os tubos ata a mina deixaba metelos, xa que é unha zona que recolle toda a auga.

O Presidente di que se quedou con él niso e en botarlle formigón.

Edesio Crespo Loureiro di que quedou mal a arqueta porque é moi pequena e se atasca con todo.

Eduardo Rodríguez Loureiro propón que se poña alumeado no camiño da Granza onde está o campo de fútbol e se repare o punto de luz no camiño de Pica Morena no cruce con Portocabeiro que aínda se encende manualmente.

O Presidente di que se vai meter un cable dende a estrada xeral para que encenda ao mesmo tempo esa luz e que ese traballo o farán os electricistas do Concello.

María Carmen González Monteiro pregunta polas luces do aeroporto.

O Presidente informa que xa están encendidas porque non deron resposta no prazo e polo tanto se encenderon.



CONCELLO DE REDONDELA

Eduardo Rodríguez Loureiro di que para os orzamentos participativos tamén se poderían incluír a recuperación de fontes como a de Tombo de San Miguel.

O Presidente di que a auga desa fonte non serve e que se podería recupera a de Fandingo na Chousa.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que cando chove se enche de fango e non ten luz.

O Presidente di que habería que levantar o naciente, drenalo e facer a fonte.

Manuel Carballido Castro di que na Chousa hai bombillas fundidas.

O Presidente di que para ese tipo de arranxos se chama ao 986 400 300 do Concello e dan nota aos electricistas.

Alfredo Davila Álvarez di que tamén se poderían facer saneamentos.

O Presidente di que cos participativos non chega para facer esas obras.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que se poderían facer cunetas e colocar un paso de peóns.

Edesio Crespo Loureiro di que se podería poñer unha banda de redución de velocidade.

Rubén Costas Fernández di que non se pode poñer a banda nin un lomo de burra porque os autobuses xa tocan abaixo. Unha boa sinalización e un paso de peóns amplo sería o adecuado.

O Presidente di que o máis adecuado parece ser o paso de peóns porque nesa zona os vehículos xa van despacio. Enviará aos municipais para estudar a zona, xa que para instalar sinais é necesario informe previo da policía municipal.



CONCELLO DE REDONDELA

Eduardo Rodríguez Loureiro di que no camiño de Pedro Morto, a nave de Peter Taboada non tiña conexión ao saneamento e enviaba todo a unha poza, pero xa se conectou grazas ás negociacións entre a empresa e o Concello. Agora o problema que existe é o do aparcamento dos vehículos, según o Concelleiro de Tráfico (Arturo) xa só aparcan nun lado, pero todavía aparcan na curva.

Edesio Crespo Loureiro di que se podería poñer un sinal.

Rubén Costas Fernández di que a única solución é multar, xa que só se aprende cando afecta ao peto.

Alfredo Davila Álvarez di que as rotulacións dos camiños están borradas.

O Presidente di que se está con iso porque saíron malos caelles toda a pintura.

Gabriel Calvar Crespo di que se poderían recuperar os parques.

O Presidente di que se está co iso, neste intre se está a arranxar o de Pica Morena.

Rubén Costas Fernández di que recibiu queixa das árbores.

O Presidente di que xa tratou o problema con Medio Ambiente da Xunta.

Manuel Davila García pregunta como está o proxecto do parque biosaudable do río.

O Presidente di que está pendente porque aínda non enviaron nada.

3.- Investimentos na parroquia

O Presidente informa que hai varios proxectos para camiños o da Chousa e o da Quinta. O da Chousa a pavimentación vai dende a fonte.

Manuel Davila García polo asfaltado e saneamento de Cabadiñas.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que hai veciñas/os que xa asinaron para ceder e outros non deixan polo que haberá que abrir un camiño.

Alfredo Davila Álvarez di se se podería poñer un pouco de pedra no muro de Pedro Morto porque gañarían anchura os camiños de arriba e de abaixo.

O Presidente di que primeiro hai que facer un proxecto.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta cando se vai facer o proxecto do camiño da Quinta.

O Presidente di que o expediente está en contratación

Edesio Crespo Loureiro di que hai que ter en conta que quedan tres casas en Pica Morena sen saneamento.

José Carlos Garcia Taibo pregunta como está o proxecto do saneamento do Escribano.

O Presidente di que vai saír agora.

Rubén Costas Fernández pregunta polo saneamento do colexio.

O Presidente di que se está a facer o de Fixón. Os saneamentos faranse con subvencións da Deputación. O do colexio intentarase meter co do Escribano.

4.- Varios

Xavier Balsas Barbeiro pregunta sobre o estado da licenza de actividade da empresa que se adica á recollida de residuos.

O Presidente di que xa tiña a actividade e se están a enviar cartas ás/aos veciñas/os para que aleguen.

Eduardo Rodríguez Loureiro informa que a asociación de veciños convocou unha xuntanza para tratar o problema e, sorprendentemente, as/os veciñas/os que estaban en contra non apareceron, viñeron as/os doutras zonas. Esta



CONCELLO DE REDONDELA

empresa xa está de alta na Xunta para reciclaxe de materiais sólidos. A asociación de veciños apoiará ás/os veciños que denunciaren ou aleguen, pero non vai a denunciar.

Edesio Crespo Loureiro di que é para RC, residuos de construción e a placa que ten fóra cunhas letras e números indican o tipo de residuo que pode reciclar.

Xavier Balsas Barbeiro pregunta se se solicitou informe de impacto ambiental. A zona é complicada porque a auga sempre corre costa abaixo e se debería saber cales son os materiais e os riscos que pode haber.

Edesio Crespo Loureiro di que para ese tipo de residuos non se necesita informe de impacto ambiental e ten licenza da Xunta dende o ano 98.

O Presidente di que a Xunta envía ao Concello o expediente e o Concello abre un período de alegacións.

Xavier Balsas Barbeiro di que xa houbo un caso no que un informe de impacto ambiental botou abaixo unha licenza deste tipo.

O Presidente di que nese caso íase facer unha pista e as/os veciñas/os quedaban enterrados.

Xavier Balsas Barbeiro manifesta a súa preocupación porque do expediente non se deduce que sexan residuos de construción.

Eduardo Rodríguez Loureiro tamén manifesta a súa preocupación por se unha vez que teñan a licenza amplían.

O Presidente di que terían que primeiro solicitar permiso da Xunta e logo enviálo ao Concello para abrir outra vez período de alegacións.

Xavier Balsas Barbeiro manifesta a súa queixa porque non se trouxera o asunto aun Consello Parroquial con tempo suficiente para tratar todas as dúbidas, xa que se trata dun tema moi importante e do que o Consello Parroquial debe ter información.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que o máis importante é que as/os veciñas/os afectados tiveran información e a todos se lles enviou.

Xavier Balsas Barbeiro di que é compatible unha cousa coa outra.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.